

## **SESIÓN EXTRAORDINARIA DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS DO DÍA**

**28 DE DECEMBRO DE 2009**

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás dez horas, do día vinte e oito de decembro de 2009, reúnese a Comisión Especial de Contas, co fin de realizar a sesión extraordinaria convocada para o efecto.

Asistentes:

- |                      |   |
|----------------------|---|
| Alcalde- Presidente: | • Don Antonio Varela Saavedra, do PSdeG-PSOE  |
| PSdeG-PSOE:          | • Don Jaime Manuel López Lisnier<br>• Dona Carmen Tato Lago   |
| PP:                  | • Dona M <sup>a</sup> Jesús González Roel<br>• Dona M <sup>a</sup> Jesús Vieites Mariñas<br>• Don José Antonio Baamonde López |
| BNG:                 | • Don Antón Otero Domínguez<br>• Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo  |
| EU-IU:               | • Don Luis Miguel Taibo Casás   |
| GM (PG):             | • Don Manuel Marante Gómez  |

Faise constar que tamén asisten á sesión dona Erundina Prado Arcay, do PSdeG-PSOE; don Nicolás José Cubeiro Martínez, don Santiago Manuel Ríos Rama e don Felipe Andreu Barallobre, do PP; dona Laura Fernández Martínez, do BNG; e don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU.

Asisten dona M<sup>a</sup> Irache Enríquez Albaina, como interventora, e dona Verónica María Otero López como secretaria accidental da Corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examinouse o asunto incluído na orde do día da convocatoria.

### **1º Informe á conta xeral do exercicio 2008**

Visto o expediente incoado para o efecto, o alcalde fai un pequeno resumo da documentación e información contida nel.

Toma a palabra don Nicolás José Cubeiro Martínez, do PP, e pregunta que consecuencias ten que a conta non sexa aprobada antes do 31 de outubro tal e como esixe a normativa.

A Sra. interventora contesta que os prazos non se cumpren debido á falta de medios materiais e humanos no Departamento de Intervención, tantas veces reclamados. En canto ás consecuencias, sinala que é suficiente con que se envíe ao Consello de Contas unha vez aprobada, se ben ultimamente vense esixindo a súa rendición para a concesión de determinadas subvencións, na convocatoria destas.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez sinala que non lle chama a atención que non se executen os orzamentos pero pregunta por que non se cumpren.

Responde o Sr. presidente que ás veces non dá tempo, que moitas veces o orzamento se aproba a metade de ano, reducindo inda máis a xa curta anualidade de doce meses. Afirma que é complexo, pero di que Cambre é un concello solvente e con aforro que, tendo en conta a mala situación económica das entidades locais, está facendo fronte aos pagos nun prazo razoable de tempo.

Don Nicolás José Cubeiro contrapón que o concello non é unha entidade de aforro e engade que se funciona mecanicamente. Di que o que está en marcha dá voltas pero que falta empuxe. Pregunta a que se debe que baixe a presión fiscal por habitante.

A Sra. interventora responde que se recadou menos polo imposto sobre construcións, instalacións e obras e polos ingresos derivados de aproveitamentos urbanísticos.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez interesase polo aumento das porcentaxes de recadación, e pregunta a que se deben. Fai especial referencia ao IAE e pregunta se o incremento debe considerarse ordinario ou extraordinario.

A Sra. interventora explica os ditos aumentos baseándose nos datos reflectidos xa no seu informe. Di que os ingresos totais aumentaron, con respecto ao ano anterior, un 3,59 por cento. Os impostos directos ( IBI, IAE, IVTM e IIVTNU ) liquidados supoñen o 31,26 por cento do total dos ingresos do exercicio, observándose neles un incremento do 18,99 por cento. O IBI e o IVTM aumentan un 9 e un 11,11 por cento respectivamente. Destaca tamén a subida dos dereitos liquidados por IAE e polo IIVTNU nun 178 por cento en un 213 respectivamente .

Don Nicolás José Cubeiro manifesta o seu desexo de que o incremento na recadación por IAE se deba ao aumento do número de empresas ou do seu tamaño.

A continuación, ante os numerosos reparos que existen sobre contratación, pregunta para que están as normas.

O Sr. presidente responde que unha cousa é un reparo e outra unha ilegalidade. A existencia de reparo non implica ilegalidade.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez matiza que se trata de tres millóns de euros con reparo, e a continuación interésase pola situación xurídica do campo de fútbol de Aián, pois teme que o concello estea pagando a alguén que non está tributando.

O Sr. presidente contesta que cre que se paga directamente ao equipo de fútbol e pide neste punto a colaboración de don Manuel Marante Gómez o cal apunta que a pesar de que a antiga propietaria non recibía contraprestación ningunha, os seus herdeiros opuxéronse a esta situación.

O Sr. presidente conclúe dicindo que ao pouco do falecemento da propietaria negociouse coa familia.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU, comeza referíndose á repetitividade dos reparos. Afirmo que son sempre os mesmos (seguros de vehículos, subministración de calefacción, contratos menores...). Tamen alude á mala imaxe provocada con ocasión do certame de pintura.

Continúa dicindo que respecto das declaracións efectuadas pola Sra. interventora nun pleno anterior, nas que poñía de manifesto que a oposición nunca se interesara polos seus informes de reparo, di que, non obstante, moitos reparos si que foron formulados polo grupo de EU-IU nos plenos (gas- oil ou seguros, por exemplo). En calquera caso, pregúntalle á interventora en que cambiaría a situación se tiveran falado con ela.

A Sra. interventora responde xustificando as súas palabras na insistente petición por parte do PP dunha auditoría externa que considera innecesaria porque todas as irregularidades existentes están xa reflectidas nos seus informes. Di que non entende o porque dunha auditoría que veña dicir o que xa se di neses informes, e que esas palabras foron un reproche, dado que no pleno anterior se dudara da súa independencia. Con respecto á consulta formulada, sinala que a situación non cambiaría en nada porque esa é a xestión municipal.

Don Luis Miguel Taibo Casás insiste en que non debería tratarse á oposición toda por igual. Engade que faloron con Intervención sobre o tema da autoestrada e aínda están esperando información e volve a preguntarlle á Sra. interventora por que o tivo que repetir na prensa.

A Sra. interventora responde que a súa aparición na prensa o domingo 20 de decembro foi para ela unha desagradable sorpresa a partir da cal tivo que dar moitas explicacións, tendo que aclarar na prensa que as súas palabras foran terxiversadas e sacadas de contexto e así tentar cerrar o tema.

Don Luis Miguel Taibo Casás sinala que pola súa parte non existe desconfianza no labor realizado polo Departamento de Intervención inda que considere que as contas non son legais na súa presentación. Pregunta por que non se contratan os servizos de auga ou o de gas-oil e por que hai privilexios.

Conclúe facendo unha alusión á xestión das horas extraordinarias aboadas ao persoal, que considera vergonzosa e aclara que a culpa non é de quen as fai, que será porque as necesita.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, que intervéñ neste punto, manifesta que o seu grupo está no dereito de pedir unha auditoría externa. Di que non cren que sexa unha cuestión pola que ninguén deba sentirse aludido, simplemente son un grupo político que aspira a gobernar Cambre.

O Sr. presidente advírtelle que el non é titular nesta comisión e que, tendo en conta que a titular está presente, considera que xa bastante benévolo foi.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, do GM (PG), comeza afirmando que a execución do orzamento atrásase por unha causa meramente política. Di que o aumento dos reparos é unha clara mostra da xestión levada a cabo polo concello, todos os exercicios igual, os prazos legais atrásanse, xa non en meses, senón en anos.

Pregunta polo atraso no pago dunha factura de 35.000 € derivada de gastos de defensa xurídica, presentada polo antigo concelleiro de Urbanismo, con cargo a unha partida orzamentaria do 2008 na que existía crédito retido para este fin, de aí o seu desconcerto.

Debido a como transcorre a sesión pregunta que se está votando, o informe ou as contas. Afirma estar a favor do informe pero en contra da execución do orzamento.

Sobre as palabras vertidas nun pleno acerca da súa desconfianza nos informes dos técnicos municipais, sinala que hai outros que non o din directamente pero pregunta se acaso non supón desconfiar encargar informes externos para cotexar cos internos.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, do BNG, sinala que con este acto estase dando o recibí á contabilidade xeral dun ano fiscalizada internamente, logo virá a información pública e a posterior supervisión externa polo Consello de Contas.

Di que se está permitindo a fiscalización externa, algo que, polo menos dende que eles están no goberno, sempre se fixo, incluso ten habido observacións por parte deste órgano, afirma. Ano tras ano revísanse as contas e existen reparos, sobre todo debido a contratos en precario (limpeza, iluminación pública ou auga), cuestión que, recoñece, haberá que resolver; non obstante, di que non deixa de ser certo que eses gastos se corresponden con traballos executados dos que se benefician os veciños.

Conclúe dicindo que non existe caos nin problemas financeiros serios, si administrativos.

Don Manuel Marante Gómez reitera as súas preguntas, que di, aínda non obtiveron resposta.

O Sr. presidente responde que o que se vota é a conta xeral e en canto á factura impagada, sinala que o atraso pode deberse aos recursos interpostos logo do primeiro xuízo ou ao propio sistema de pago polo que primeiro se paga individualmente ao interesado e logo este reclama á corporación.

O Sr. presidente dá por finalizada a deliberación e, sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os tres concelleiros do PSdeG-PSOE e os dous concelleiros do BNG, e votan en contra os tres concelleiros do PP, o concelleiro de EU-IU e o concelleiro do GM (PG), polo que decide o voto de calidade do Sr. presidente.

A comisión, por cinco votos a prol, acordou:

Primeiro: Ditaminar favorablemente a conta xeral do exercicio 2008.

Segundo: Expoñer ao público, mediante anuncio publicado no BOP e taboleiro de anuncios do Concello, a conta xeral xunto co informe da Comisión Especial de Contas por prazo de 15 días, durante os cales, e oito máis, os interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións, tal e como se establece no artigo 212.3 do Real Decreto-Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e o artigo 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Terceiro: No suposto de que non se formulen reclamacións, reparos ou observacións, elevarase a conta xeral xunto co presente informe da Comisión Especial de Contas ao Pleno da Corporación a efectos da súa aprobación.

No suposto de que se formulen reclamacións, reparos ou observacións, serán examinadas pola Comisión Especial de Contas para emitir novo informe, que será elevado ao Pleno da Corporación.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as once horas, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

A secretaria accidental

Antonio Varela Saavedra

Verónica María Otero López.